



## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

### INICIO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: SOCORRISTAS

**Dna. MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guntín. Lugo**

Vista a Orde 13 de marzo 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

Vista a Resolución do 13/06/2023 pola que se concede unha subvención para a contratación de dous socorristas.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

1º.- Prestar aprobación ás base para a contratación laboral temporal de dous/dúas socorristas baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa e con unha duración de 2 meses.

#### **BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE: 2 SOCORRISTAS) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO.-**

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de (2) SOCORRISTAS, conforme co previsto no artigo 14 da Orde de 13 de marzo de 2023 ( DOGA número 56 de 13/03/23) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, reguladora das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio 2023.

##### **SEGUNDA.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN**

Os traballadores estarán vinculados á entidade solicitante, mediante a modalidade de cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. Grupo 4 nivel 1. Os contratos de traballo terán carácter temporal, conha duración de 2,5 meses e a xornada completa. Retribucións: 1.425,67 €/mes (incluída prorrata paga extra).

##### **TERCEIRA.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES**

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- f) Que non foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo as axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas





## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

### CUARTA: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde do 13 de marzo de 2023, polo que se formulará oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

**As bases íntegras e a convocatoria, así como as sucesivas publicacións, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web ([www.guntin.es](http://www.guntin.es)).**

Os candidatos/as desempregados/as deberán presentarse o día e hora sinalado polo Concello de Guntín, que lles será indicado polo Servizo Público de Emprego de Galicia e aportarán a documentación sinalada nas presentes bases, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca. Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que a xuízo de Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

### QUINTA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderá formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conte de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores serán designados pola Alcaldía e estarán constituídos por:

Presidente

Secretario

Vogais

Designarase en cada caso un membro titular e outro suplente. Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza convocada

Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria, non obstante, resolverá as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas Bases. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta

No caso de consideralo necesario o tribunal poderá recadar axuda de asesores técnicos, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumprir a función para a que no seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña.

### SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

Tendo en conta as especialidade características dos postos e a súa temporalidade, estímase, que no procedemento de selección dos aspirantes será o concurso oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida.

#### 6.1 FASE CONCURSO:

**Baremo de méritos que rexerá na fase de concurso:**

Poderase obter ata un máximo de 8 puntos

#### A) TITULACIÓNS ACADÉMICAS.

Estar en posesión do Graduado en Educación Secundaria obrigatoria ou equivalente.....1 punto.

#### B) CERTIFICADOS PROFESIONALIDADE E CURSOS:

- Certificado de profesionalidade socorrismo en instalacións acuáticas:..... 1,5 puntos.

- Certificado de profesionalidade socorrismo en espazos acuáticos naturais: 1,5 puntos.

#### D) IDIOMA GALEGO





## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

-CELGA 3, CELGA 4 ou CELGA 5 ou equivalentes .....1 punto.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos Cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### E).- INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE SOCORRISTAS: obrigatorio

Ter solicitado a súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, de acordo co establecido no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOGA nº 67 do 9/04/2012), e no Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012 do 16 de marzo.

### F.-COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL: (máximo 1 punto)

Por atoparse nalgún dos supostos establecidos no artigo 14.5 da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades locais..... 1 punto.

### G.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 2 puntos)

1.- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convocan na administración local.....2 puntos.

2.- Desempeño en prazas/postos/empregos na empresa privada ..... 1 punto.

## **6.2 FASE OPOSICIÓN:**

Poderase obter ata un máximo de 18 puntos

### **a.- Realización dun cuestionario tipo test** de 16 preguntas sobre as seguintes materias:

**Tema 1.-** Técnicas específicas de natación, con eficacia e seguridade.

**Tema 2.-** accidentes ou situacións de emerxencias en instalacións acuáticas. Prevención de situacións de risco e vixilancia en instalacións.

**Tema 3.-** Intervención e rescate en instalacións acuáticas. Rescate de persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia.

**Tema 4.-** Primeiros auxilios e actuación inicial en emerxencias nas instalacións acuáticas. Asistencia como primeiro interviniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

**Tema 5.-** O municipio de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

**Tema 6.-** Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

**Tema 7.-** Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

**Tema 4.-** Conceptos fundamentais da administración electrónica.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 8 puntos e puntuará ata un **máximo de 16 puntos**.

Cada pregunta acertada equivale a 1 punto. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

A proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio e terá unha duración máxima de 1 hora.

### **b.- Entrevista curricular:** (puntuación máxima 2 puntos)

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións inherentes ao socorrista.

## **SÉTIMA: MODO DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:**

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar os seus méritos, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:





## CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

- Contratos de traballo, certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.

- Copia da/s titulación/s, cursos, etc.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

### **OITAVA: CUALIFICACIÓN FINAL.-**

A cualificación final virá determinada pola sumas das puntuacións obtidas no concurso oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

### **NOVENA: PROPOSTA DE SELECCIÓN**

O presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicaráse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín de Pallares e na páxina web da Entidade.

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados.

No obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos,

En caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma

### **DÉCIMA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ASPIRANTES SELECCIONADOS**

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Guntín a seguinte documentación

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.

c) Acreditación de ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

d) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

e) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente

f) Declaración xurada na que se manifieste que non foi contratado no marco de programas de cooperación por un período igual ou superior a 6 meses con cargo as axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

g) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria

O prazo de presentación será de 1 día hábil contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de Edictos, dada a limitación da data de contratación por Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade.

### **UNDÉCIMA: RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN**





## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

### **DUODÉCIMA: DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcaldesa- Presidenta do Concello de Guntín, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Concello de Guntín de Pallares, 21 de xuño de 2023

A Alcaldesa,

María José Gómez Rodríguez

Documento asinado electrónicamente.





## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

### ANEXO 1 (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ e domicilio para efectos de notificación en \_\_\_\_\_, teléfono n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

1.- Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. No caso de que se teña condición de discapacitado/a a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g) Non poderán ser contratados os traballadores/as que fosen contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

SEGUNDO- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de 2 socorristas.

TERCEIRO- Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría socorrista.

Guntín, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

O solicitante,

Asdo.: -----

En relación co establecido na LOPD de Carácter persoal o Concello de Guntín, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o Concello de Guntín, con domicilio social en CR Xeral, 12 - 27211-Guntín- Lugo. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 LOPD o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito có Concello de Guntín, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

